



OBRA DOIRO DE SOMBRAS

Eu quedo na casa!
Un taller por semana...





QUE É O TEATRO DE SOMBRAS?


É un tipo de representación baseada na proxección de figuras a través dun fondo iluminado.



Na prehistoria xa proxectaban coas súas mans sombras nas paredes das cavernas.



Podemos utilizar distintos materiais:

- As nosas mans
- Siluetas de personaxes ou obxectos
- Luz artificial (lámpada)  ou natural (sol) 
- Parede ou tea branca





BENEFICIOS

- Potencia habilidades creativas: **IMAXINACIÓN E FANTASÍA**

Poden participar e implicarse en todo o proceso de creación: desde crear a historia e os personaxes a súa caracterización.

- Desenvolve habilidades plásticas: **DEBUXAR, COLOREAR, RECORTAR, CREAR**

Traballan estas habilidades e a maiores sentirán que traballan desde o principio na actividade.

- Contribúe a motricidade fina: **MOVEMENTO E DESTREZA DAS MANS**

Xa que se poñen en funcionamento: ósos, músculos e nervios para producir pequenos movementos.

- Potencia o traballo en equipo: **COLABORAR, COMPARTIR, AXUDAR.**

- Contribúe á educación emocional: **EMOCIÓN E SENTIMENTOS.**

Recoñecen emocións e estados de ánimo a través dos personaxes e da obra.



SOMBRAS COAS MANS

Propoñemos dous vídeos explicativos de como facer sombras de animais coas mans.

<https://www.youtube.com/watch?v=CysUYEI7I34>

<https://www.youtube.com/watch?v=FUgcj4sGOfQ>

Non se trata só de facer sombras, tamén de poder utilizalas para contar contos ou inventar historias.

Tan só tedes que coller unha lámpada proxectala cara a parede e diante dela poñer as vosas mans.

É dicir, as mans quedarían entre a luz e a parede.

DEIXADE VOAR A VOSA IMAXINACIÓN CREANDO NOVAS FORMAS!





SOMBRAS CHINESCAS


Recordades que xa vimos unha obra teatral con
sombras no cole?

Exacto... “Os tres bandidos”


Aquí tedes un teatro con sombras do conto:

“La pequeña oruga glotona”

https://www.youtube.com/watch?v=wFWcqD_5frl



ESPERAMOS QUE DESFRUTEDES DA OBRA



MANUALIDADE: TEATRO DE SOMBRAS

Podemos crear o noso teatro de sombras dunha forma moi sinxela:

Precisamos: unha caixa de cartón, tesoiras, rotuladores, palillos, siluetas e luz.


Tedes a imaxe para ver un exemplo. Podedes facela máis ou menos elaborada, dependendo do manitas que sexades.

Logo crearemos as siluetas que suxeitaremos cun palillo e xa teriamos o noso teatro de sombras para que os cativos experimenten creando divertidas historias.

Deixamos un enlace cuns modelos de siluetas para imprimir de varios contos infantís para crear, se queredes, os vosos personaxes.



<http://www.clubpequeslectores.com/2017/05/teataro-sombras-cuento-infantil-elmer.html>



XOGOS CON SOMBRAS CHINAS

Unha boa opción é xogar a contar historias con sombras. Os nenos e nenas poden interpretar co seu propio corpo, con marionetas ou sombras chinas. É preciso ter un foco de luz detrás da saba ou tea branca e que o actor ou actriz colóquese entre a saba e o foco.

FÓRA VERGONZA E A DESFRUTAR!



ACTIVIDADES CON SOMBRAS

DEBUXAMOS AS SOMBRAS

Utilizaremos a luz do sol para crear sombras sobre papel.

So precisamos distintas figuras (animais, medios de transporte, utensilios de cociña, do baño... o que se vos ocorra) e permitir que os máis pequenos exploren como se fan as sombras e como poden cambiar tendo en conta o lugar onde se colocan e o tamaño da figura.

Preguntas:

Pódense perseguir as sombras?


Está sempre no mesmo sitio?

Se o cambiamos... Coincide a imaxe coa sombra?

Se a poñemos máis lonxe... Que lle pasa a sombra?

E se a poñemos máis preto?





ACTIVIDADES CON SOMBRAS

DEBUXAMOS AS SOMBRAS

Agora un pouquiño máis complicado. Tereades que crear a figura vós con plastilina, barro, masa, mesmo con papel aluminio.

Así, converteredes unha figura en 3 dimensións (anchura, altura e profundidade) nunha figura en 2 dimensións (anchura e altura).

Como tedes que facelo?

Moi sinxelo, parecido á actividade anterior. Despois de moldear a figura a poñedes contra o sol ou contra a luz da lámpada e tereades a sombra que vos permitirá debuxalo no papel.

Queremos ver esas obras de arte!

ÁNIMO ESCULTORES!






CONSTRUIMOS CON SOMBRAS

DE QUE COR SON AS SOMBRAS?

Para esta actividade precisaríamos obxectos ou materiais translúcidos, é dicir, que deixen pasar a luz. De non ter utilizaremos calquera material de construción e a sombra aparecerá igualmente pero escura, sen cores.

Seguramente, contestando a pregunta diríamos que as sombras son negras (cando usamos obxectos opacos, que non deixan pasar a luz) pero tamén podemos crear sombras de cores con obxectos translúcidos.





EXPERIMENTO CON CORES

EXPERIMENTAMOS CON SOMBRAS DE CORES

Para este experimento precisamos botes de plástico ou cristal e colorante alimenticio. De non ter colorante podemos tinguir a auga con especias (cúrcuma, curry, pimentón) ou coa tinta que conteñen os rotuladores dentro (quitades a tinta e a metedes na auga, revolvedes un pouco e listo).

Experimentade mesturando para conseguir distintos tonalidades.

Se os colocades contra o sol veredes o efecto tal e como aparece na fotografía. Podemos superpoñelos, xuntando dous botes, e veredes a cor nova que sae.

A EXPERIMENTAR! VAMOS CIENTÍFICOS!





EXPERIMENTO CON CORES

APARECE O ARCO DA VELLA


Crearemos o arco da vella cando o sol entre pola nosa fiestra!

É un experimento moi sinxelo e moi rápido e visual.

Como o facemos?

Poñeremos un cd fronte a unha fiestra cando o sol entre de forma directa e o cd reflexará o arco da vella nalgunha superficie próxima.





OUTRAS IDEAS

1. Poñeremos unha silueta e completaremos a súa sombra con algún material que teñamos na casa.



2. Creamos un xogo: unimos sombras. Podedes créalo vós ou descargar este exemplo e imprimilo. <https://www.actividadeseducainfantil.com/2020/01/juego-hecho-con-las-tarjetas-de-sombras.html>



3. Cortando un cartón para crear unha frase e xogar a desvelar mensaxes. Podemos facelo con letras, números ou formas xeométricas.